

## QUERO SER PRESIDENTE PRESENTÁSE NA FACULTADE DE CC SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN DE PONTEVEDRA



Xosé Rúas Araujo, Alberto Pena e Enrique Alvarellos

- O autor, Xosé Rúas Araújo, profesor da Universidade de Vigo, sinalou que “pretendín facer un libro divulgativo que mostrase a cara oculta das campañas electorais”.
- O decano da Facultade, Alberto Pena, lembrou que este libro “é o primeiro manual deste tipo que se publica en Galicia, polo que suporá unha achega crucial no eido da comunicación electoral”.

*Quero ser presidente. Claves da comunicación electoral* é o título do novo libro do profesor e xornalista Xosé Rúas Araújo. Un ensaio sobre comunicación electoral que é toda unha novidade no mundo editorial galego. Hoxe foi presentado no Campus de Pontevedra polo autor, o editor Henrique Alvarellos e o decano Alberto Pena, na Facultade de CC Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

O autor sinalou que “o que pretendín foi facer un libro divulgativo que mostrase a cara oculta das campañas electorais. Tiven a oportunidade de coñecer ben aos políticos, como xornalista, como docente e estudioso do tema, e tamén como asesor” E continúa: “Na política non hai verdades absolutas aínda que o pareza vendo moitas campañas electorais; nelas dase unha verdadeira polarización, onde todo é branco ou negro, onde non existe escala de grises”.



O decano da Facultade de CC Sociais e da Comunicación, Alberto Pena, destacou que “este é o primeiro manual desta tipo que se publica en Galicia, polo que suporá unha achega crucial no eido da comunicación electoral”.

Finalmente o editor, Henrique Alvarellos, subliñou que “*Quero ser presidente* ensina qué debe vestir o candidato, cómo falar, de qué equipo rodearse, como preparar un mitin, saudar á xente, como tratar aos medios de comunicación... Todo un tratado válido para calquera que aspire dende a ser presidente dunha comunidade de veciños, concelleiro, alcalde, deputado... ata presidente de goberno”.

## TON DIDÁCTICO, AMENO E HUMORÍSTICO

Xosé Rúas utiliza neste volume a súa dilatada traxectoria como xornalista, columnista, profesor, investigador universitario e asesor de comunicación política, para achegarnos, nun ton didáctico e ameno, enriquecido por constantes anécdotas e notas de humor, as claves teóricas e técnicas da propaganda e do marketing electoral.

Escrito por un experto teórico e profesional galego de referencia, *Quero ser presidente. Claves da comunicación electoral* ha marcar un antes e un despois nas estratexias electorais empregadas no noso país. Resultará imprescindible e mesmo revelador para calquera especialista ou curioso por coñecer un pouco máis o apaixonante mundo que se agocha detrás de cada campaña electoral.



## A OPINIÓN DOS EXPERTOS

“O libro de Xosé Rúas está cheo de intelixencia práctica e ha ser unha lectura obrigada para calquera que guste do máxico mundo electoral, onde flúen os intereses e os soños, a democracia e o desexo. Unha boa entrega á bibliografía galega sobre comunicación política e unha proposta de debate sobre os procesos electorais e todo o que vai con eles”.

*Fermín Bouza*

*Catedrático de Opinión Pública da Universidad Complutense de Madrid (UCM)*

“Descubre unha dimensión descoñecida da política e das campañas electorais que todo votante debería coñecer”.

*Pere Oriol Costa*

*Catedrático de Comunicación Política da Universitat Autònoma de Barcelona (UAB)*



“Directas, divertidas, útiles, reais e prácticas, creo que estas Claves de Xosé Rúas constitúen agora o máis actualizado consello para candidatos que queren gañar”.

*Luis Arroyo*

*Experto en comunicación política e asesor do Gobierno de España.*

[[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)]

## O AUTOR

Á parte dos seus artigos e conferencias sobre comunicación electoral e público-institucional, publicados en diversos congresos e revistas de ámbito académico, Xosé Rúas Araújo (Vilarnaz-Coles, 1970) é coautor, entre outros, dos libros *Cómo gañar ou perder unhas eleccións* (2004) e *Información, opinión e propaganda na prensa galega durante as primeiras eleccións da democracia* (2006). Nas eleccións municipais de maio de 2007 asesorou en materia de comunicación os candidatos dunha cidade e dúas vilas galegas. Os tres resultaron elixidos.

## FICHA TÉCNICA

---

Título: QUERO SER PRESIDENTE

Subtítulo: CLAVES DA COMUNICACIÓN ELECTORAL

Autor: XOSÉ RÚAS ARAÚJO

PVP: 18,90

ISBN: 978-84-89323-22-3

Páxinas: 198

Medidas: 13 x 23 cms

Idioma: Galego

Encadernación: Tapa branda con lapelas, plastificada

Primeira edición: Febreiro 2008

Colección: Oeste [Ensaio & Divulgación]



Rúa das Arribadas 7, 1º C  
15706 SANTIAGO (GALICIA)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
Tel: 609 90 88 52